

## **Proxeccións de poboación a curto prazo**

### **NOTA DE PRENSA**

---

## **O IGE actualiza as proxeccións de poboación a curto prazo con información por áreas xeográficas ata o ano 2021**

### **A poboación galega diminuiría un 3,2% no período 2011-2021 no caso de continuar a situación demográfica actual**

#### **Decreemento poboacional en Galicia**

Dentro do marco das proxeccións a curto prazo elaboradas anualmente polo Instituto Nacional de Estadística, o IGE presenta a actualización da desagregación territorial das mesmas, ata o nivel de agrupación de comarcas, e presenta os resultados obtidos para o período temporal 2011-2021, por sexo e grupos quinquenais de idade.

Segundo estes datos, Galicia presentaría un comportamento continuo de decreemento poboacional no período 2011-2021, que chegaría a acumular unha caída do 3,2%. Por provincias, serían as provincias de Lugo e Ourense as que manifestarían diminucións máis acusadas, un 7,5% e 7,0%, respectivamente, no período considerado, mentres que nas provincias da Coruña e Pontevedra estas diminucións serían do 2,4% e 1,4%, respectivamente.

Por áreas (agrupación de comarcas), as que presentarían un maior decreemento poboacional no período 2011-2021 serían as de Lugo oriental, cun decreemento do 15,7% e O Carballiño – O Ribeiro, cun descenso do 13,3%. Por outra parte, as áreas de Santiago, Pontevedra e Pontevedra sur verían incrementada a súa poboación nun 3,0%, 1,5% e 0,3%, respectivamente.

**Poboación residente no 1 de xaneiro. Áreas xeográficas**

Área	2011	2021	% no período
A Barbanza - Noia	101.945	98.624	-3,3
A Coruña suroriental	67.901	63.257	-6,8
Área da Coruña	428.503	427.402	-0,3
Área da Costa da morte	139.831	129.066	-7,7
Área de Santiago	188.072	193.743	3,0
Ferrol - Eume - Ortegal	199.102	186.099	-6,5
A Mariña	72.593	66.790	-8,0
Lugo central	174.529	167.261	-4,2
Lugo oriental	40.588	34.225	-15,7
Lugo sur	52.083	46.019	-11,6
Área de Ourense	142.688	141.627	-0,7
O Carballiño - O Ribeiro	46.635	40.417	-13,3
Ourense central	49.995	44.257	-11,5
Ourense sur	84.737	74.993	-11,5
Área de Pontevedra	122.479	124.304	1,5
Área de Vigo	417.859	409.211	-2,1
Caldas - O Salnés	144.779	143.871	-0,6
O Morrazo	82.433	82.431	0,0
Pontevedra nororiental	71.115	65.063	-8,5
Pontevedra sur	108.770	109.088	0,3

FONTE: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo

**Crecedemento vexetativo negativo en todas as áreas**

Unha das características dunha poboación envellecida como a galega é a de presentar valores negativos do seu crecedemento vexetativo, é dicir, un maior número de defuncións que de nacementos. No período considerado, 2011-2021, calcúlanse 194.572 nacementos e 307.883 defuncións, o que representaría un crecedemento vexetativo negativo de -113.309 persoas. Por áreas, todas as áreas galegas presentarían un saldo vexetativo negativo:

**Nacementos e defuncións proxectados para o período 2011-2021. Áreas xeográficas**

Área	Nacementos	Defuncións	Crecedo vexetativo
A Barbanza - Noia	7.476	11.169	-3692
A Coruña suroriental	4.032	8.718	-4686
Área da Coruña	34.675	43.602	-8926
Área da Costa da morte	7.929	17.102	-9172
Área de Santiago	15.862	17.854	-1991
Ferrol - Eume - Ortegai	13.225	25.203	-11978
A Mariña	4.231	9.164	-4933
Lugo central	11.230	22.139	-10909
Lugo oriental	1.345	6.864	-5519
Lugo sur	2.136	9.055	-6920
Área de Ourense	10.749	16.679	-5931
O Carballiño - O Ribeiro	1.732	7.163	-5431
Ourense central	2.364	7.587	-5223
Ourense sur	3.069	14.052	-10983
Área de Pontevedra	10.730	11.610	-880
Área de Vigo	33.531	37.226	-3695
Caldas - O Salnés	11.628	14.640	-3011
O Morrazo	6.652	7.407	-755
Pontevedra nororiental	3.959	9.331	-5371
Pontevedra sur	8.017	11.318	-3301

FONTE: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo

### Continúa o envellecemento da poboación galega

A partir da información por grupos de idade pódense obter indicadores proxectados como por exemplo o índice de envellecemento (relación entre a poboación de 65 e máis anos con respecto á poboación menor de 20 anos), que de seguir as tendencias actuais, reflectiría un maior envellecemento de zonas xa envellecidas na actualidade.

---

**Índice de envellecemento. Áreas xeográficas**

Área	2011	2021
A Barbanza - Noia	121,6	142,3
A Coruña suroriental	187,5	212,0
Área da Coruña	122,2	137,3
Área da Costa da morte	174,0	213,6
Área de Santiago	106,3	123,6
Ferrol - Eume - Ortegai	163,6	181,1
A Mariña	180,3	198,3
Lugo central	176,6	188,0
Lugo oriental	322,5	378,5
Lugo sur	305,3	318,0
Área de Ourense	141,1	156,6
O Carballiño - O Ribeiro	232,3	255,1
Ourense central	318,7	357,4
Ourense sur	298,9	347,9
Área de Pontevedra	99,5	118,9
Área de Vigo	98,2	125,1
Caldas - O Salnés	104,4	124,7
O Morrazo	93,6	118,6
Pontevedra nororiental	196,9	224,0
Pontevedra sur	118,7	139,9

---

**FONTE: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo**

*Nota: os cálculos están elaborados con data de referencia no 1 de xaneiro de cada ano*

Outro indicador que se inclúe nesta publicación é o índice de sobreenvellecemento (proporción de poboación de 85 e máis anos con respecto á poboación de 65 e máis anos) para cada unha das áreas galegas:

**Índice de sobreenvellecemento. Áreas xeográficas**

Área	2011	2021
A Barbanza - Noia	13,7	18,4
A Coruña suroriental	15,5	21,3
Área da Coruña	13,4	17,4
Área da Costa da morte	14,2	19,6
Área de Santiago	14,9	17,9
Ferrol - Eume - Ortegal	13,7	18,4
A Mariña	16,0	19,5
Lugo central	17,4	22,0
Lugo oriental	18,6	24,6
Lugo sur	20,1	25,8
Área de Ourense	16,3	19,5
O Carballiño - O Ribeiro	19,4	24,4
Ourense central	17,4	23,8
Ourense sur	17,9	23,6
Área de Pontevedra	14,9	18,8
Área de Vigo	13,1	16,6
Caldas - O Salnés	13,2	17,7
O Morrazo	11,9	16,2
Pontevedra nororiental	16,8	23,0
Pontevedra sur	14,4	19,6

**FONTE: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo**

*Nota: os cálculos están elaborados con data de referencia no 1 de xaneiro de cada ano*

Anexo: Comarcas que compoñen cada área:

- A Barbanza – Noia: comarcas da Barbanza e Noia.
- A Coruña suroriental: comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide.
- Área da Coruña: comarcas da Coruña e Betanzos.
- Área da Costa da morte: comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Terra de Soneira e Xallas.
- Área de Santiago: comarcas da Barcala, O Sar e Santiago.
- Ferrol – Eume – Ortegal: comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.
- A Mariña: comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental.
- Lugo central: comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá.
- Lugo oriental: comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria.
- Lugo sur: comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos.
- Área de Ourense: comarca de Ourense.
- O Carballiño – O Ribeiro: comarcas do Carballiño e O Ribeiro.
- Ourense central: comarcas de Allariz – Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras.
- Ourense sur: comarcas da Limia, a Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana.
- Área de Pontevedra: comarca de Pontevedra.
- Área de Vigo: comarca de Vigo.
- Caldas – O Salnés: comarcas de Caldas e O Salnés.
- O Morrazo: comarca do Morrazo.
- Pontevedra nororiental: comarcas de Deza e Tabeirós – Terra de Montes.
- Pontevedra sur: comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado.

**Para máis información:**

**Instituto Galego de Estatística**

**Complexo Administrativo San Lázaro s/n**

**15703 Santiago de Compostela (A Coruña)**

**Contacto:** <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>

**Teléfono de información:** 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

**FAX:** 981.54.13.23

**Notas de prensa en :** <http://www.ige.eu>